



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2018/8, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O MÉRCORES 19 DE DECEMBRO DE 2018 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde, JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO (PP)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PP:

FLORINDA DUARTE GERPE
MARGARITA RAMILO VARELA
CARLOS BARBEITO REY
JOSE MANUEL MONTES MARTINEZ
RUBEN REGUEIRA MOAR

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
PABLO COUTO LOPEZ

Grupo municipal mixto (ACC/SON)

CESAR MANUEL BERGONDO TRILLO

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL

NON ASISTEN

ALFONSO GARCIA GONZALEZ (PP)
JOSE FRANCISCO ORGEIRA CAMPELO (PSdeG-PSOE)
CANDELA RODRIGUEZ LADO (PSdeG-PSOE)

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

HORA DE INICIO: 12:08

HORA DE REMATE: 12:55

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:08 do mércores 19 de decembro de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 14 de decembro de 2018, segundo o cal, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible e dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúnen-se en sesión 2018/8, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (7/2018, ordinaria, do 29 de novembro de 2018)**
- 2.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2019.**
- 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, da Deputación Provincial da Coruña.**

O señor Alcalda indica que o señor García González disculpa a súa inasistencia por motivos persoais.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (7/2018, ORDINARIA, DO 29 DE NOVIEMBRE DE 2018)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 7/2018, ordinaria, do 29 de novembro de 2018.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) indica que non asistiu á sesión á que se refire a acta, polo que se vai abster.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

2.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2019.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de decembro de 2018, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2019



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2019, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 5.444.708,27 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 5.444.708,28 euros.

Logo de ver o informe económico-financieiro emitido con data do 26 de novembro de 2018 por esta Alcaldía en relación a tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, con data do 23 de novembro de 2018, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e con data do 29 de novembro de 2018 sobre a globalidade do proxecto de orzamento.

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento para 2019 (en canto ás materias obxecto de negociación -segundo o establecido no texto vixente do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público- relativas ao persoal do Concello), á mesa de negociación realizada o 05 de decembro de 2018.

De acordo co establecido no artigo 168.4 TRLRFL, unha vez informado pola Intervención o proxecto de orzamento xeral do Concello para 2019, logo de someterse á mesa de negociación en relación ás materias establecidas no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2019 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 5.444.708,28 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.444.708,27 €.

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño".

No expediente consta, asemade, o informe da Secretaría do Concello do 12 de decembro de 2018, en cumprimento do establecido no artigo 3.3.g) do Real Decreto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 8/2018, extraordinaria, do 14 de decembro de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor (dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión), fronte a tres votos en contra (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

No expediente da sesión consta, asemade, unha “Emenda á totalidade aos orzamentos do 2019 do Concello de Carral”, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE mediante escrito do 18 de decembro de 2018 do seu voceiro, o señor Couto López, presentado no rexistro xeral do Concello o 19 de decembro de 2018 (nº 2.687), cuxo texto se reproduce a continuación:

“ GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL

ENMENDA Á TOTALIDADE AOS ORZAMENTOS DO 2019 DO CONCELLO DE CARRAL

Os orzamentos municipais son unha ferramenta fundamental para o funcionamento de calquera Concello, neste importante documento refléxase realmente a intención de calquera partido de levar a diante as propostas realizadas, o programa electoral.


O caso de Carral, dende que está gobernado polo PP, presenta de novo una serie de peculiaridades: durante os anos previos á crise, aqueles anos nos que o tirón da economía, especialmente a vinculada ao ladrillo facía que Carral contase cos maiores ingresos da súa historia con cifras que chegaron ata o 6,7 millóns de euros de ingresos, nestes anos non se realizaban orzamentos en moitos dos exercicios, prorrogando os anteriores o cal sempre é una mala práctica que reflexa a falta de ideas e polo tanto de programa a planificar.

Co estalido da crise, todas as miserias comezan a aflorar é así o ministerio de facenda vese na obriga de someter a o concello ao plan de estabilidade ante a inmensa débeda que presenta de preto de 4 millóns de euros, un nivel de endebedamento de máis do 100 % foi o record conseguido por Mourinho nuns poucos anos de goberno popular; dende ese momento comezan a realizarse obrigatoriamente os orzamentos municipais esixidos polo ministerio, e dende ese momento o pago da débeda rolda anualmente máis 10% dos recursos, medio millón de euros que lastran as contas. Na actualidade a débeda continua elevadísima, 3 millóns, o 76,22% de nivel de endebedamento, segundo reflicte intervención.

A presentación das contas solía ser tardía, arredor do mes de marzo-abril do ano en exercicio, pero claro, o vindeiro ano 19 é ano electoral, é segundo o razoamento desta, non vella, senón prehistórica política que goberna en Carral, é o único exercicio que lles interesa, o único que merece un pouco de traballo e dilixencia, pensando que poden esconder un mandato decepcionante cunha especie de “traca final”, como decimos una “pillería” doutra época que hoxe non xa non é tolerada polos cidadáns, que queren as inversión e servizos cando fan falla, non cando hai eleccións.

Pero parece que para o PP, o 19 é o único ano que existe no almanaque, así atopámonos no estado de execución do orzamento do 2018 con que só se realizaron o 20 % das inversións previstas para o 2018, o Concello deixa máis dun millón de euros sin executar no ano en cuarso por falta de capacidade e traballo, por una pésima xestión, obras necesarias, obras que xerarían traballo, retránsanse e todo se pretende acumular no ano electoral, cun claro e único obxectivo, os réditos electorais, sen preocuparse o mais mínimo polas necesidades da cidadanía.

Centrándonos xa nas contas do ano 19, para as que, lamentablemente só nos deron dous días hábiles para o seu estudo, cando o normal son 21. Estos orzamentos non contemplan as necesidades reais de inversión que solicitan os carraleses; minimizan, sendo ridículos os recursos para o mantemento dos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

espazos común, non xera in un só posto de traballo novo, non conteñen nin una axuda para as asociación e clubs a través de subvención, e siguen tutelados polo polo ministerio polo nivel de endebedamento do 76,11% en definitiva uns malos orzamentos pensando só no rédito electoral e non nas necesidades reais dos veciños e veciñas de Carral.

Si seguimos analizando vemos que:

Confírmase que non teremos Centro de Día, quedándose tan só nun Centro Social da terceira idade.

Non aparece partida económica para a ampliación do Campo da Feira.

Non se contempla tampoco a pista polideportiva de Sergude (demolida polo Concello para construír o albergue).

Tampouco para pista polideportiva en San Vicente de Vigo.

Tampouco se recolle partida alguna para o arranxo da pista polideportiva do Canedo, pese o seu mal estado e perigosidade.

Non se melloran os accesos á área recreativa da Brexa, pese a que está aprobado una moción do grupo socialista, nese sentido iso sí aparecen máis de 30.000 € para a compra de terreos.

Non se aporta un só euro para solucionar os accesos de país e alumnos ao novo IES, nin ampliación do camiño traseiro, nin pasarela peonil sobre da N-550, nada.

Non se recollen partidas para redes de saneamento, competencia claramente municipal, pese a que o alcalde queira enganar decindo que ten que ser Augas de Galicia quen o execute. As parroquias de San Vicente e Cañas que contan coa depuradora augas baixo e preto, deberían contar xa con partidas para o saneamento, servizo moi demandado polos veciños.

Non hai partidas para abastecemento, nin novo, nin sequera para reposición, pese a moitas averías que sofre a rede, dada a súa antigüedad.

Non se recollen partidas para a necesaria creación dunha brigada medioambiental que coida do noso patrimonio cultural.

O fondo de emerxencia social pese a que se duplicou nestes exercicios, despois de tres anos, debe aumentar.

Non se recollen partidas de novos parques biosaudables.

O mantemento e asfaltado de pistas son necesarios, pero no caso de Carral parece esaxerado que de 1,2 millóns de euros de inversión total, 871 mil € sexan para aglomerado, máis do 70 % dos cartos, deixando como xa dixemos moitas outras cousas e servizos sen facer. Debíanse priorizar as inversións en función das necesidades reais e non en función dos intereses electorais dunha política propia doutra época.


Chama a atención, por exemplo, a inversión de máis de 30.000€ para aglomerar, una pista de monte na parroquia de Carral, que despois de recorrer uns 500 m remata sin saída no Río Barcés, non existindo nin vivendas, nin inmobles a que dar servizo.

Por todo o anterior, presentamos esta ENMENDA Á TOTALIDADE, de forma que o presente proxecto dos orzamentos do Concello de Carral para o ano 2019 sexa devolto ao goberno municipal para que elabore e presente un novo proxecto de orzamentos para o ano 2019.

En Carral, a 18 de decembro de 2018

Pablo Couro López

Voceiro Grupo Municipal Socialista."



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEBATE

O señor Alcalde explica que a Interventora non está presente na sesión porque solicitou días. Explica que o orzamento está nivelado e destaca que supón un pequeno aumento en relación ao orzamento de 2018. Asemade, destaca que os investimentos reais se cifran en arredor de 1.200.000 €; os gastos para atencións sociais en arredor de 241.000 €; Baixa a débeda vixente, cunha previsión de 2.003.562 € para 2019; a previsión de gastos de persoal corresponde ao 45% do gasto do orzamento corrente, e opina que é importante, mais que a maioría dos concellos e outras Administracións Públicas teñen un gasto por tal concepto de máis do 50%; engade que os informes de Intervención indican que se cumpre coa estabilidade orzamentaria e con todos os parámetros esixidos polas leis en canto a gastos e ingresos, e que haberá un aforro neto positivo de 230.453 €. Agradece a todos os servizos do Concello e, en especial, á Intervención e á Secretaría, o seu traballo para poder aprobar o orzamento nos prazos normais.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) adianta que o seu grupo vai votar en contra da proposta, xa que segue a esperar para cooperar, dar ideas e poner temas sobre a mesa. Coida que é unha mágoa que a maioría do gasto se adique a asfaltados, por importe de máis de 800.000 €, aparte do “centro que din de día”, en relación ao cal, na súa opinión, é normal que se incremente o gasto, xa que cada vez envellece máis a poboación. Asemade, indica que seguen esperando polos “pregos famosos” que durante os últimos catro anos “sempre dixeron que xa están case feitos, coma sempre”. Opina, por outra banda, que tamén segue a ser grande o gasto en débeda pública, e bota en falla máis gastos en materia de agricultura, montes, patrimonio ou deportes. Considera, asemade, que hai subvencións ás que non se pode acceder pola débeda do Concello e, por último, opina que o proxecto de orzamento se realizou sen participación da veciñanza, polo que anuncia que vai votar en contra da proposta.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo presentou unha emenda á totalidade, para que o proxecto de orzamento sexa devolto e se elabore de novo. Manifesta que felicita que se adianten este ano uns catro ou cinco meses e engade que non sabe por qué será. Indica que practicamente o 10% dos recursos do Concello se adican a pagar débeda que non saben como e por qué se xerou. Engade que non están de acordo coas liñas fundamentais do orzamento:

Opina por exemplo que en materia de Cultura se adican cantidades “ridículas”, e que ao esixir para as actividades un número mínimo de 15 alumnos (o que non se facía en asociacións coma Mil e Pico), nunca se van potenciar as novas, de modo que, nalgún caso, moitas persoas de Carral acoden a clases de música en Abegondo. Engade que tampoco se subvenciona ás asociacións culturais e deportivas, por moito que se proporcionen servizos de transporte. Indica que o Concello segue tutelado polo Ministerio polo seu endebedamento superior ao 75% (o que considera que, por unha parte, é bo porque, na súa opinión, o equipo de goberno era antes un “manirroto”. Por outra banda, di confirmar que, pese ao que di a prensa coma o Ideal Gallego, non se vai facer un Centro de Día, senón un Centro Social para a Terceira Idade, e opina que




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

decir outra cousa é enganar ao pobo. Manifesta que non se contempla a ampliación do Campo da Feira, a pista de Sergude, a pista polideportiva de San Vicente de Vigo ou o arranxo da do Canedo, que está en moi mal estado. Indica que segue a haber partidas para a compra de terreos na Brexa, que non entende por qué, e que non sabe se son os mesmos 30.000 € dos dous anos anteriores. Lembra que, asemade, se aprobou unha moción por unanimidade para arranxar o acceso á Brexa. Coida que tampoco se contempla nada para solucionar os accesos ao IES, e pide ao señor Alcalde que *"non minta na prensa"*, xa que, na súa opinión, o saneamento é do Concello, e non de Augas de Galicia. Manifesta que de arredor dun millón douscentos mil euros para obras, uns 900.000 € se van destinar a aglomerado e espera que sexa necesario xa que, por el contrario, non hai partidas para abastecemento de auga nin para o saneamento que, na súa opinión, sería sinxelísimo para Cañas e San Vicente. Manifesta que, en dezaseis anos, o 95% do investimento do Concello foi para aglomerado, nalgún caso con dúas ou tres capas. Engade que tampouco hai previsións de gastos para abastecementos novos nin de reposición. Por outra banda, opina que se debería prever crédito para a creación de brigadas medioambientais, xa que opina que habería que poñer a quen coide a grande riqueza medioambiental, e non deixalo á boa vontade de colectivos coma os clubs de BTT. En canto ao incremento do fondo para a asistencia social en 2.000 €, manifesta que seguen pensando que debería dotarse cun importe de 15.000 €. Por outra banda, manifesta que o señor Montes, concelleiro de medio ambiente, non explicou para qué terían pedido os veciños unha das obras que se pretenden no POS+2019, referente a un camino que sae do Centro Social de Ans e, tras cincocentos metros, remata no Río Barcés sen saída, sen servir a casas nin outros servizos. Por tanto, manifesta que non sabe para que se fai esa obra. Opina que, en definitiva, o orzamento proposto en xeral non atende ás necesidades da xente, e coida que é unha especie de *"traca final"* tras *"16 anos sen facer nada"*, e opina que no ano electoral se tenta ocultar en seis meses *"o que non se fixo en tres anos"*, mais considera que iso *"xa non lle cola á xente"*, e que cre que o señor Alcalde *"non vai renovar"*.

O señor Alcalde resposta que semella que ao señor Couto lle parece que, aínda que fagan o orzamento, o que fai o equipo de goberno non vale para nada, ao que o señor Couto replica que non diga o que el non dixo. O señor Alcalde chama á orde por primeira vez ao señor Couto e lémbrolla que estará no uso da palabra cando lla dea o Presidente, polos minutos que indica o ROF, mais que non pode interrumpilo. Engade que, se os orzamentos *"que non valen para nada"* cubren as necesidades dos veciños, estarán moi ben para el. Explica que neles se plasman as ideas que teñen e opina que as cousas que se plantexan son necesarias. Indica que o señor Couto fala do abastecemento e saneamento, ou de que o Concello está moi endebedado, mais indica que non se lembra de finais de agosto de 2003, cando o Alcalde tomou posesión. Lembra que, por entón, a situación económica era a que era, e que non había nin Interventor. Engade que, xa que fala do control riguroso do Ministerio, non cre que as leis se fixesen para o Concello de Carral, e opina que os cartos dos veciños se están a administrar da mellor forma. Lembra que, por exemplo, o 1 de setembro de 2003 se debía un millón de pesetas á prensa, mais non a gabinetes, senón que o Concello quedou sen xornais porque non se pagaba aos quisocos. Engade que en 2004




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

se debían a EMALCSA uns 980.000 €; que antes do Socorro, o 8 de setembro de 2003, FENOSA cortou sete redes de iluminación pública en Carral e Tabeaio, polas cantidades que se lles debían. Engade que en 2006-2007 viñeron bos tempos ao medrar a construción, o que opina que, en liñas xerais, foi positivo, xa que o concello de Carral medrou (de 5.085 habitantes o 1 de setembro de 2003 aos 6.400 de agora) a diferenza de Abegondo (que pasou de 6.500 a 5.500), Bergondo ou Cerceda (que xa baixou de 5.000 habitantes). Opina que, á vista diso, algo faría ben o equipo de goberno. Lembra que, por entón, cando caía roupa na feira do Campo da Feira, había terra no chan, e que necesitaban máis espazo os nenos, pois só había un parque infantil pequeno. Lembra que se criticou moito a reforma cando non tiñan maioría absoluta, pois había algúns que opinaban que era mellor destinar o Campo da Feira a aparcadoiro que para o uso dos veciños, aínda que, en canto se cambiou, de seguido as nais preguntábanse que facían nel os coches cando entraba algún despistado. Engade que se reformou a Casa do Concello e que se construíron o Toñito Espiñeira, a Galiña Azul, a biblioteca, a Casa da Xuventude, ou o IES (ao que, na súa opinión, puxeron tantas trabas os grupos da oposición, mais se rematou convencendo ao Conselleiro, porque pensaba que Carral ía baixar de poboación). Engade que tamén algún opinaban que era un exceso o gasto na Galescola, mais o seu equipo de goberno tivo fe en que o concello ía medrar, e hoxe a Galiña Azul está chea. Indica que, en definitiva, as súas previsións se cumpriron. Manifesta que ve ben facer unha pista en San Vicente de Vigo e indica que se vai facer, e lembra que se meteu diñeiro para facela nun terreo público cedido antes de que el fose Alcalde, pola parcela pola que logo pasaría o gas. Explica que cando fala de que Augas de Galicia ten responsabilidade nas acometidas, se ben son responsabilidade dos Concellos, Augas de Galicia vela pola seguridade dos cauces dos ríos e das augas, e pasa un canon por iso (e lembra que o de Carral foi un dos primeiros concellos nos que se pasou). Indica que, por iso, agora Augas de Galicia fixo un investimento duns 4 millóns de euros na depuradora de San Vicente, e cun tanque para que funcione coa previsión de ata 8.000 persoas (cando agora a están a usar unas 2.500). Indica que a rede de sumidoiros de San Vicente sería sinxela, mais que custaría uns 1.600.000 €. Explica que estivo o luns coa Directora de Augas de Galicia e que hai un proxecto de 1.307.000 € para a mellora da ETAP da Ribeira, un depósito, e a mellora das bombas, para financiarse en 2019. Explica que para a depuradora do polígono se elixiu un sistema hoxe obsoleto, e que non garantía a depuración ao 100%, e que EMALCSA está niso, cun proxecto duns 880.000 € para unha nova depuradora para garantir a calidade da auga na Brexa. Engade que o equipo de goberno leva moito tempo tratando estas cuestións, e que o señor Couto non debe pensar que están sentados ata o último día. Engade que dous proxectos vanse levar en 2019 e que hai outro duns 380.000 € para solucionar os problemas das zonas inundables para o Río Merla. Opina, pois, que o señor Couto non pode dicir que non fan cousas. Por outra banda, indica que os aglomerados son necesarios, porque polas estradas pasan coches, son necesarias as boas comunicacións, e non hai ningún aglomerado eterno, de xeito que en 15 anos hubo algunha pista que xa hai que renovar, como pasa na Deputación, que tamén ten que repoñer os firmes cada certos anos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Alcalde opina que, “*sen queimar aos veciños con impostos*”, con este orzamento se cubrirán as necesidades que teñen, segundo o equipo de goberno. Recoñece que non hai convenios con clubs deportivos, mais indica que calquera ente ten a porta do Concello aberta e aténdese ao que necesiten. Opina que o normal é ver cómo atender ás súas necesidades, aínda que puntualmente se faga algún convenio.

Explica o señor Alcalde que se está a comprar a Brexa coma aposta por un entorno bonito cerca da vila, para disfrutar. Indica que primeiro hai que adquirir os terreos, e que ten a previsión de facelo en relación a todo o ámbito, para acondicionalo coma zona verde. Engade que é unha área recreativa, non para coches, mais coida que as persoas con mobilidade reducida pasan perfectamente. Indica que non entende a obsesión por asfaltar o acceso, pois queren que sexa unha área de recreo na natureza, coma moito con accesos de zahorra. Indica que o señor Couto non se lembrará de Bordón por ser novo, mais explícalle que alí ían bañarse os maiores as fins de semana cando eran mozos, no límite con Abegondo, onde había unha pequena presa que era un punto de encontró que queren recuperar aos poucos. En cantos aos roteiros e caminos para bicicletas, opina que o Concello está a colaborar, e que non fai falla facer máis do necesario. Explica que o Concello facilita loxística aos ciclistas que andan polo monte, nalgún caso con pala ou tubos por ser perigoso. Opina que non hai queixas ao respecto, salvo en relación a algún acceso a masas forestais, en relación ao cal están enriba dos madeiristas para obrígalos a deixalos como estaban cando rematan as súas cortas.

O señor Alcalde indica que, en resume, cre que o proxecto de orzamento é o que debe ser, que cumpre e cubre necesidades importantes do Concello. En canto a que non son participativos, explica que lle dá moita risa, pois asistiu a unas charlas na Deputación sobre orzamentos participativos, e Concellos coma o de Ames, con 30.000 habitantes, destinan a tal efecto 15.000 € (non o orzamento enteiro) e preguntan polas parroquias en qué os queren gastar. Indica que, no caso deste equipo de goberno, xa lles din as asociación e os vecinos, e xa ven eles cales son as necesidades. En canto ao que di o señor Couto, explica que, se non se fixeron as obras antes, foi polos cambios nos sistemas de contratación e non para agrupalas polas elección. Indica que, dende que goberna o PP, o que se tenta é atender canto antes e con premura ás necesidades dos vecinos. Reitera que se cambiou o sistema de contratación e que está a costar adaptarse, mais coida que “obras son amores” e que se van seguir facendo da maneira que consideren mellor e máis necesaria.

O señor Bergondo Trillo replica que o ROF non indica os minutos de cada intervención, e lembra que o Concello segue sen contar con ROM (regulamento orgánico municipal). Opina que aplaudir aos políticos por cumprir os seus deberes cos cartos dos cidadáns sería coma aplaudir a un caixeiro automático por dar cartos ao seu titular. Tamén opina que, dicir que se sabe de orzamentos participativos por asistir a unha charla sobre a materia, é como asistir a unha charla médica e dicir que se é un especialista médico. Opina que hai moitas maneiras de facelos e que o seu grupo leva catro anos esperando a que lle deixen colaborar. Opina que a Brexa é un sitio incómodo, e que o concello está rodeado de zonas verdes. Engade que había unha idea para facer un



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

parque no centro, mais non se fixo e, por el contrario, botáronse pedras onde había anfibios e niños, para facer un parque alí. Por último, lembra que de Beira e Herves se bañaban na Ribeira cando non os botaban dalí.

O señor Couto López opina que o señor Alcalde "*saca coellos da chisteira*", mais que non se transforman en realidade. Manifesta que os proxectos de absteremento e saneamento non figuran nin nos orzamentos do Concello nin nos da Xunta de Galicia, aínda que, na súa opinión, sexa "*espléndida*" no ano electoral. Espera que oxalá a Xunta escoite e que se fagan. Explica que el nunca quixo asfaltar a Brexa, mais que hai distintos tipos de pavimento que respectan o entorno mais que teñen capacidade portante para vehículos, e que sería bo que o camino estivese alumeado. En canto ao que dixo o señor Alcalde que leva feito, o señor Couto opina que ten o listón baixo. Considera que o Campo da Feira o fixo a Xunta de Galicia, e que xa tiña que estar ampliado. Opina que Carral medra a pesares das políticas do PP durante estes anos. Engade que, no tocante á Cultura, nin siquiera contestou ao relativo aos cursos en Abegondo. Recoñece que se necesita nalgúns casos aglomerados, mais que o seu custo é inmenso e non xera postos de traballo, a diferenza, por exemplo, das Pontes, que precisan de man de obra especializada. Indica que moitos concellos adican sobre un 40% a aglomerado, sobre un 30% a absteremento e o resto a outros edificios, a diferenza de Carral que, na súa opinión, busca o voto seguro. Indica que asfaltar eiras é ilegal, e que habería que ter vergoña, pois sería similar a cambiar o alicatado do baño ou da cociña dos veciños que viven en pisos. Por último, o señor Couto opina que os orzamentos poderían ser mellores, e engade que preguntou, mais que non ten entendido o que dixo sobre a débeda. Coida que "*o falar non ten cancelas*", e que, se alguén escoita ao señor Alcalde, ten "*boa sorte*".

O señor Alcalde replica que o señor Couto segue preocupado polo acceso á Brexa, e explica que a unha área de recreo non se vai ir con tacóns, polo que, ao seu xuízo, o normal é que o pavimento sexa de zahorra e que, se chove, estea mollado. Por outra banda, coida que os veciños de Herves e Beira ían a Aldroi.

Sometida a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación ao ditame á proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para 2019, ésta é rexeitada por seis votos en contra dos/as seis señores/as concelleiros do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a catro votos a favor (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto-ACC/SON).

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as seis señores/as concelleiros do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a catro votos en contra (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto-ACC/SON), adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2019 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 5.444.708,28 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.444.708,27 €.

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

3.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de decembro de 2018, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

setembro de 2018 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", que foron publicadas no BOP nº 188, do 02 de outubro de 2018.

Logo de ver que, mediante unha circular do 28 de setembro de 2017 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 02 de outubro de 2018, nº 2.067), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 551.748,13 euros (Achea provincial 2019: 209.644,03 €; Achea provincial 2018: 198.122,16 € (Asignación: 90.127,51 €; Baixas/Anulac 107.994,65 €); Préstamo provincial 2019: 143.981,94 €).

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2019, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "**Memoria do Plan (POS+ 2019)**" (**Anexo II**) asinada polo señor Alcalde con data do 10 de decembro de 2018.

Logo de ver, en relación ao **POS+ PROVEDORES** o "informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 €, para as que se aplica financiamento provincial con cargo ao POS+2019" (**anexo III-b**), emitido pola Interventora do Concello con data do 05 de decembro de 2018 (por importe de 32.615,99 €).

Logo de ver, en relación ao **POS+ GASTOCORRENTE** o "informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2019" (**anexo IV**), emitido pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2018, por importe total de 463.462,89 €.

Logo de ver, en relación ao **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:


1).-ACHEGA PROVINCIAL 2019 .

